GUÍA DIDÁCTICA CURSO VIRTUAL MOODLE XEOGRAFÍA E HISTORIA 4º DE ESO (SECCIÓN BILINGÜE)

INTRODUCIÓN

O curso virtual Moodle ao que fai referencia esta guía didáctica está concibido como unha ferramenta que permita xuntar, nun só espazo, todos ou case todos os recursos que empregará o alumnado ao longo do curso na materia de Xeografía e Historia de 4º de ESO no contexto dunha sección bilingüe en inglés.

Este curso pretende substituír completamente o libro de texto. O amplo acceso a recursos educativos abertos do que gozamos na actualidade fai dificilmente xustificable, ante as familias, a necesidade de gastar unha cantidade moi elevada de cartos en libros de texto cada mes de setembro. Por outra banda, moitos libros que para esta materia se ofertan en versión bilingüe son meras traducións do documento orixinal en castelán/galego. Isto fainos inservibles para aplicar a metodoloxía específica AICLE.

En canto ás vantaxes da sección bilingüe podemos citar:

- En primeiro lugar ofrecen vantaxes para o desenvolvemento cognitivo dos alumnos (Bialystock, 2009).
- Levan unha ganancia significativa da lingua obxecto (L2) como o demostran numerosos estudos sobre inmersión lingüística en Canadá e AICLE en Europa.
- Favorecen a colaboración dos profesores entre si e coa administración do centro xa que gran parte da comunidade verase implicada na aprendizaxe da lingua e contido.

O curso virtual está baixo licenza CC by-sa. Por iso, calquera docente pode empregar libremente a totalidade ou parte del. Tamén poderá modificar as partes que considere necesarias. Así mesmo, todos os materiais empregados (texto, imaxes e material multimedia) que non son de elaboración propia están

referenciados ao seu autor, orixe e licenza. Queremos salientar e agradecer especialmente os recursos obtidos de:

"Prof. Jorge E. de la Peña" “History I. From Enlightenment to WWI.pdf”, *Google Docs*, data de consulta 18 outubro 2016, en https://drive.google.com/file/d/0Bwe1dU-54DkeZXRlVVl0X19xdkk/edit?pli=1&usp=embed_facebook.

“Prof.Rosa Liarte – 4 ESO”, data de consulta 24 outubro 2016, en http://leccionesdehistoria.com/4ESO/author/prof-rosa-liarte/.

“CPI Tino Grandío Bilingual Sections: Social Studies ESO-4”, data de consulta 2 novembro 2016, en http://seccionsociais.blogspot.com.es/p/social-studies-eso-4.html.

OBXECTIVOS EDUCATIVOS

- Ofrecer dun xeito integrado os materiais precisos para acadar os obxectivos da materia Xeografía e Historia de 4º ESO impartida nunha sección bilingüe.
- Fornecer o alumnado dun recurso que substitúa o libro de texto.
- Adaptar a ensinanza da materia á estranxeira ensinanza metodoloxía AICLE
- Integrar o ensino da materia Xeografía e Historia co dominio da lingua estranxeira: inglés.

ASPECTOS CURRICULARES

Ao tratarse dun recurso que abrangue toda a materia de Xeografía e Historia, este curso virtual pretende cumprir co Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

ESTRUTURA DO CURSO

Tras unha unidade 0 onde se presentan as ligazóns de interese, o curso está organizado en 14 unidades didácticas que cobren os contidos regulados no Decreto 86/2015. Estas son:

UNIT 1. THE ANCIEN RÉGIME

UNIT 2. LIBERALISM AND NATIONALISM

UNIT 3. INDUSTRIAL REVOLUTION

UNIT 4. THE AGE OF IMPERIALISM

UNIT 5. THE FIRST WORLD WAR

UNIT 6. THE RUSSIAN REVOLUTION

UNIT 7. INTERWAR PERIOD ECONOMY

UNIT 8. FASCISM AND NAZISM

UNIT 9. SPAIN: SECOND REPUBLIC AND CIVIL WAR

UNIT 10. WORLD WAR II

UNIT 11. A WORLD DIVIDED

UNIT 12. DECOLONIZATION

UNIT 13. FRANCOISM AND TRANSITION TO DEMOCRACY

UNIT 14. THE RECENT WORLD

Cada unha das unidades está composta por:

- Contidos empaquetados en Exelearning e amosados en formato Scorm. Neste ODE ofrécense os contidos da unidade xunto con fotografías, actividades autoavaliables e materiais multimedia que complementan o texto. Ao ter acceso ao código fonte, calquera docente poderá modificalo e adaptalo ás súas necesidades.
- Contidos en PDF. O obxectivo é ofertar os contidos offline e en versión imprimible.
- Glosario cos termos máis salientables.
- Sección Check your learning. Esta sección enlaza cunha unidade de estudo seleccionada en Quizlet. Trátase dunha ferramenta baseada en fichas de aprendizaxe e o traballo interactivo coas mesmas. Permite escoitar as fichas.
- Tarefas. A estas dedicarémoslles un apartado propio.



ACTIVIDADES

A metodoloxía AICLE está moi relacionada coa aprendizaxe enfocada a procesos e tarefas porque esta aproximación permite un aproveitamento máis significativo e que os alumnos se sintan máis involucrados na aprendizaxe.

A tarefa será a unidade esencial que implicará a realización dunha serie de unha ou máis actividades para conseguir elaborar ou obter o produto final proposto.

Dividimos as tarefas do curso en dúas modalidades: tarefas de recepción e tarefas de produción.

As de recepción consisten fundamentalmente en escoitar e ler. Neste tipo de tarefas os textos e materiais de audio abordaranse con estratexias lectoras que fagan posible que o alumno vaia atopando o significado a medida que realiza as actividades, en lugar de achegarse a eles dunha forma directa. Exemplos deste tipo de tarefa son: a busca de definicións, a resposta a preguntas simples e máis complexas, análises pautadas de textos, mapas e gráficas.

As tarefas de produción corresponden á práctica de estratexias que implican expresarse e interactuar de forma oral e escrita. Estas tarefas son as máis complicadas nun primeiro achegamento e normalmente requiren que o alumno sexa adestrado e fortalecido con actividades de apoio que lle dean seguridade. Para este tipo de actividades propomos o emprego de ferramentas online tales como:

Timeline: que permite realizar online liñas de tempo que se complementan con imaxes e con explicacións dos feitos.

Easly: para crear infografías que inclúan a información que sobre un determinado tema se lle pida ao alumno.

Scribblemaps: para que o alumnado cree o seu propio mapa sobre un feito histórico determinado. Este tipo de tarefas poderán realizarse individualmente ou en grupo.

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Un dos traballos de investigación máis influentes actualmente no campo do ensino e aprendizaxe é o levado a cabo por John Hattie, da Universidade de Auckland de Nova Zelandia, quen, durante quince anos, realizou unha investigación baseada en 800 meta-análises que supuxeron en total 50.000 estudos e unha mostra de 80.000 estudantes.

Entre as conclusións alcanzadas por Hattie (2006, 2011) destacaremos as seguintes:

O aspecto máis influente na aprendizaxe é a retroalimentación (feedback), tanto o que ofrece o profesor ao alumno como o que este recibe do alumno. No primeiro caso hai que distinguir entre a retroalimentación e a adulación; esta última ten pouco valor se non está asociada ao traballo que se fixo. A retroalimentación oral é máis influente que a escrita e debe ser individualizada.

A relación profesor-alumno ten tamén un grande impacto. O desenvolvemento dun clima socio-emocional cálido na aula, a promoción do esforzo e a implicación de todos os alumnos require que o profesor entre na aula con certas ideas sobre as posibilidades de progreso e a relación cos alumnos.

Outro dos aspectos máis influentes é a aplicación do enfoque que se denomina Mastery Learning que presupón que todos os alumnos son susceptibles de cumprir os criterios de éxito se se dan as condicións de aprendizaxe adecuadas; a saber: alto nivel de cooperación entre os compañeiros, retroalimentación dirixida do profesor (tanto sexa frecuente como de diagnóstico e individualizada) e permitir a flexibilidade no tempo que o alumno necesita para alcanzar os obxectivos.

O reto é outro dos ingredientes centrais da aprendizaxe efectiva. A clave está en propoñer un reto de dificultade apropiada para o alumno. Así non debería ser tan difícil como para que o obxectivo pareza inalcanzable, o que acaba coa motivación dos alumnos; o mesmo ocorre se é demasiado fácil.

As expectativas que ten o alumno de si mesmo e as que ten o profesor son determinantes na mellora e no éxito.

Con este curso virtual o alumnado dispón dos materiais precisos para transferir parte do proceso de ensino-aprendizaxe fóra da aula e así poder aproveitar o tempo na aula para desenvolver procesos cognitivos de maior complexidade que favorezan unha aprendizaxe significativa.



A distribución dos tempos é un proceso que debe ser flexible e por iso só exemplificaremos a proposta coa unidade 11. A World Divided, para a cal disporemos de 7 sesións lectivas.

Previamente, o alumnado deberá ler o material subministrado en formato Exelearning e/ou imprimible.

- Sesión 1-2: resolución de dúbidas e explicación por parte do docente, apoiándose nos materiais incluídos na unidade
- Sesión 2: Check your learning
- Sesión 3: Realización do comentario pautado sobre a cortina de aceiro
- Sesión 3-4: Realización do comentario pautado sobre a desestalinización. Comentario pautado sobre a foto de Kim Jong-un
- Sesión 4: Visionado do Vídeo de Mohamed Alí e responder as preguntas sobre el formuladas. Visionado do vídeo de J.F. Kennedy en Berlín e responder as preguntas sobre el formulado.
- Sesión 5: Visionado do vídeo co discurso final de Rocky V e responder as preguntas sobre el formuladas.
- Sesión 6-7: Elaboración dunha liña de tempo online cos principais feitos da Guerra Fría e a súa explicación.

Deste xeito o alumnado terá un papel activo na súa aprendizaxe e a función do docente pasará a centrarse na atención das necesidades individuais de cada alumno.



RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO

O alumnado disporá de varios recursos de avaliación.

- Os Exelearning dispoñen de actividades autoavaliativas.
- Os recursos Check your learning permítenlle autoavaliar a súa aprendizaxe.
- As actividades e tarefas propostas serán o principal recurso de avaliación e tamén de cualificación. A avaliación das tarefas realizarase a través da propia aula virtual e ademais de coa cualificación, o alumnado deberá obter unha retroalimentación da súa tarefa.

A retroalimentación cobra unha importancia fundamental nun programa AICLE, nos dous sentidos, profesor-alumno e alumno-profesor porque nos vai permitir ver que está a resultar efectivo e que non. Igualmente, calquera dos outros aspectos mencionados, así como as características dos profesores expertos, teñen unha resonancia especial en AICLE. Así por exemplo, é esencial o feito de que o profesor se autoavalíe continuamente e discuta con outros profesores a maneira de ensinar e as posibles melloras e cambios que pode incorporar na súa aula con obxecto de obter unha aprendizaxe máis visible. É esta unha práctica que se considera necesaria en AICLE. Outros aspectos como ter unha actitude positiva cara ao erro ou expor retos apropiados son igualmente importantes en AICLE.

Ademais poderemos empregar en moitas tarefas a coavaliación ou avaliación entre iguais. Co clima axeitado de aula, esta práctica na que un alumno avalía as tarefas ou proxectos doutro, cunhas pautas marcadas, serve para integrar mellor a avaliación dentro do proceso de aprendizaxe.

WEBGRAFÍA

"EA_Sept16_ACILE: Principios AICLE", , fecha de consulta 12 diciembre 2016, en http://formacion.educalab.es/mod/imscp/view.php?id=26849.

(cc) BY-SA